



Mazaricos, 1979-01

Informantes: veciños e veciñas de Mazaricos

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

En Pasoh non hai masáns
a regalia de Pasos
é d'oir canta-las ráns-e.

Ai la...

/:Canta, miña camarada:/
si non cantas de solteira
qué tal farás de casada
ai la...

Heiche de dar que o teño
encartado no bolsillo
com'o papel de fumar-e.

Ai la...

/:Cantá, nenas i arrúa:/
vais ó día, vais á nuite,
vais á nosa mosedá-ie.

Ai la...

Aturuxo

Bota leña nese lar,
fariña nesa iartesana,
que se quería casar
a filla da Barcalesa.

Ai la la la...

Un barcaléh no curral
cun peido matou un polo
se s'apura i-algho mais
mata mulleres e todo.

Ai la...

Bota toxos na cañeira
que cho van a vir calcar
os mosos da Pontalleira.

Ai la...

O lughariño d'Atán,
piqueniño e chistoso,
o que saqu'a muller del
tén que ser habilidoso.

Ai la...